



Museo das Mariñas

De xuño a agosto do 2026

Comisarias

Claudia Quintela Aróstegui

Andrea Río Irago

Alumnas do Mestrado en Estudos Avanzados en Museos,
Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña

 @BAMbetanzos @decolorbetanzos


 bambetanzos

 bam.betanzos.gal



De color Betanzos

Pinturas de Elena Otero Chas



Elena Otero Chas (Betanzos, 1969) é graduada en Relacións Laborais, comparte a súa paixón pola pintura co seu traballo no Concello da Coruña.

Acudiu sendo moi nova ás clases de pintura con Gabriel Anido en Betanzos e máis tarde a un taller de pintura en Lugo, pero a necesidade de expresarse libremente mediante os trazos, sen que ninguén a dirixira, fíxoa abandonar a súa afección.



Dende cativa pintaba nas esquinas dos cadernos intentando que as clases se lle fixesen mais curtas. Os primeiros esbozos da súa arte eran retratos, que ela os considera problemas matemáticos de grande dificultade, e é por iso que só algunhas persoas achegadas contan cun retrato pintado por ela. Tamén os animais forman parte da súa inspiración e en moitos dos seus cadros pódense atopar inesperados exemplares de fauna urbanita.

Fai catorce anos comezou a pintar en acrílico sobre lenzo, de xeito casual e tras pasar por outras técnicas como o pastel, o carbonciño ou incluso o óleo.

O impulso definitivo que a animou a percorrer o camiño da arte veu dado polo paso dun pequeno piso no centro de pobo a unha vivenda ampla no barrio da Ribeira con sitio suficiente para pintar e logo colgar as súas obras, e á necesidade de canalizar os seus sentimentos derivados da enfermidade da súa nai. Dende este intre, as emocións expresadas mediante a cor son protagonistas da súa obra.



Dentro da temática da exposición e da súa obra, Betanzos é unha liña que compón a viaxe na que nos imos somerxer. Elena destaca algún escenario máxico da cidade, coma a Ponte Vella, Santa María e San Francisco, aínda que se sente fascinada por todos os seus recunchos.